

**DONA RUTH LÓPEZ – MOSQUERA GARCÍA, SECRETARIA – INTERVENTORA DO CONCELLO DE PARADELA (LUGO), DO QUE É ALCALDESA – PRESIDENTA DONA MARÍA MONTSERRAT MULET SAR,**

**CERTIFICA:**

Que o Pleno en sesión ordinaria celebrada o 21 de marzo de 2024 adoptou, entre outros, o acordo que transcribo literalmente a continuación:

**“OITAVO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE FILLO ADOPTIVO DO MUNICIPIO A DON SANTIAGO RODRÍGUEZ LÓPEZ.**

*Visto o disposto nos artigos 4 e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e nos artigos 50.24 e 189 a 191 R.D. 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que establecen que as Corporacións Locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións ou outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios, previos os trámites necesarios que se establecen neste Regulamento.*

*Visto o Regulamento Especial de Honras e Distincións do Concello de Paradela, aprobado definitivamente na sesión plenaria celebrada o 29 de agosto de 2001 e publicado no BOP núm. 248, do luns 29 de outubro de 2001, que no seu artigo núm. 1 establece que: “O concello de Paradela poderá conferir para premiar especiais merecementos ou servizos extraordinarios, entre outros, título de fillo adoptivo do municipio”.*

*Visto que o nomeamento de Fillo Adoptivo, que recaerá en persoa física, terá a mesma consideración e xerarquía que o título de Fillo Predilecto, coa única diferenza de que se conferirá a persoas que non nacesen en Paradela, pero que, con todo, teñan un vínculo moi especial co Municipio e reúnan as condicións sinaladas no paragrafo anterior.*

*Visto que nomeouse a D. José Manuel Mato Díaz, como órgano instrutor designado pola Alcaldesa deste Concello.*

*Visto que por propia iniciativa do Concello, propúxose a posibilidade de que se nomease Fillo Adoptivo do Municipio a D. Santiago Rodríguez López, pola súa implicación na vida municipal e no desenvolvemento cultural do Concello, contribuíndo á promoción do Certame Literario «Manuel Oreste Rodríguez López», celebrado en memoria do poeta e autor galego Manuel Oreste Rodríguez López dende 1995, e difundindo, nacional e internacionalmente, o nome de Paradela.*

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.	Observacións
Informe de Secretaría	01/03/2024	-
Resolución de Alcaldía de inicio	01/03/2024	-
Comunicación ao instrutor	01/03/2024	-
Comunicación ao interesado	01/03/2024	-
Acordo do órgano instrutor	15/03/2024	-
Informe-Proposta de Resolución do Instrutor	20/03/2024	-

O Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros (5 do Grupo Municipal do P.P. e 4 do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE), en virtude dos artigos 50.24,





190 e 191 do Regulamento de Organización e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e o artigo 1 do Regulamento de Honras e Distincións deste Concello, adopta o seguinte

## ACORDO

**PRIMEIRO.** Nomear a D. Santiago Rodríguez López, falecido en Bristol (Reino Unido) o martes 19 de marzo de 2024, "Fillo Adoptivo" do municipio, a título póstumo, pola súa implicación na vida municipal e no desenvolvemento cultural do Concello, contribuíndo á promoción do Certame Literario «Manuel Oreste Rodríguez López», celebrado en memoria do poeta e autor galego Manuel Oreste Rodríguez López dende 1995, e difundindo, nacional e internacionalmente, o nome de Paradela

**SEGUNDO.** Comunicar o nomeamento á familia do interesado citándolle para que acuda á sesión solemne na que se procederá a entregarlle o diploma e a insignia que acreditan o título de Fillo Adoptivo do Municipio, a título póstumo. Esta sesión celebrarase en acto público e coa maior solemnidade posible.

**TERCEIRO.** Inscribir no Libro Rexistro de Honras e Distincións o título concedido para que quede constancia da súa entrega".

**E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V. e pr. de Alcaldesa - Presidenta, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, expídese a presente.**

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

